



Concello de Lugo

CONTRATACION
MLA/rdi
Ref WEB PRAZA ABASTOS
Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013).Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

Sendo as 13:30 horas do día 25 de xaneiro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista, don Xosé Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, don Luis Casais, como Titular de Asesoría Jurídica do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Asisten a este acto público don Alberto Alvarez de Alvarez Real en representación da mercantil A. Real, don Iñaky Garaigorta en representación da mercantil INTELIGENCIA VISUAL e dona Marta Fernández de CEES.S.L.

O secretario da mesa pon de manifesto que as mercantis INTERDIX GALICIA, S.L, - MARKOVA TIC S.L, e IBERICA SOLUCIONES FORMATIVAS, presentaron a documentación requirida pola mesa de contratación na sesión celebrada o día 8 de xaneiro do ano en curso; unha vez examinada polos membros da mesa acordan por unha banda considerar correcta a documentación presentada por INTERDIX GALICIA, S.L e MARKOVA TIC, S.L, e por outra banda excluír a mercantil IBERICA SOLUCIONES FORMATIVAS da licitación por presentar a documentación fora de prazo, aínda que se fai constar que analizada a mesma tamén estaría excluída por que non aporta escritura con obxecto social válido para a execución do contrato.

A continuación procedese á apertura do sobre B) que contén a proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliábles automaticamente das mercantis admitidas á licitación, a vista do cal e comprobado que os licitadores aporta a documentación requirida polo prego de cláusulas administrativas



MURALLA
patrimonio da humanidade

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: WEB PRAZA ABASTOS

Asunto:

particulares, os membros da mesa acórdan solicitar informe técnico da directora do Plan Urban sobre a valoración da documentación incluída nese sobre B (criterios non avaliados automaticamente), todo elo con carácter previo á apertura dos sobres C

Por último dase conta os membros da Mesa do escrito presentado pola mercantil PUNTO G PUBLICIDAD no rexistro xeral do Concello, polo que solicita a readmisión da súa oferta ao concurso . A este respecto os membros da Mesa entenden que a resolución deste tema non é competencia da Mesa de Contratación e considerar que debería resolverse polo órgano de contratación.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Mendez Garcia

Asdo: Manuel Louzao Aldariz